



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685. XANCEDA. C.I.F.: P-1504800 B. Telf (981) 687001– Fax 68 70 69

BANDO



DECLARACIÓN UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE OCUPACIÓN PARQUE EÓLICO SOLPOR

ACORDO do 4 de xaneiro de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se somete a información pública a solicitude da declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (A Coruña) (**expediente IN408A 2018/26**).

Solicitante/Promotor: **GREEN CAPITAL POWER, S.L**

Potencia autorizada/evacuable: 24 MW.

Nº aerogeradores que se van a instalar: 5 ud.

A documentación que se expón:

- ✓ A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figuran nos anexos que se insiren neste acordo.
- ✓ Plano xeral e planos individuais dos predios afectados polo proxecto.
- ✓ Memoria xustificativa da declaración de utilidade pública e urxente ocupación, decembro de 2023. (asinada o 5.12.2023).

O proxecto faise público para o coñecemento xeral, así como en particular dos propietarios dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses e económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada na **oficina técnica de urbanismo do concello os LUNS, MÉRCORES e VENRES en horario de 10:00 a 15:00 h, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG). Publicado o luns 19 de febreiro de 2024 no DOG Núm. 35.**

Prazo para remitir alegacións/achegas/opinións: 20/02/2024-03/04/2024

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 17, así como nas casas consistoriais de Mesía e Ordes.

Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Industria e Innovación a través da seguinte ligazón:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

No portal web do concello de Mesía

<https://www.concellodemesia.gal/servizos/noticias/declaracion-de-utilidade-publica-dup-parque-eolico-solpor>

Mesía, 19 de febreiro de 2024

Alcalde,



Mariano Iglesias Castro